

**CONVENIO COLECTIVO  
DA ENTIDADE COMPAÑÍA  
DE SERVICIOS  
MEDIOAMBIENTALES DO  
ATLÁNTICO, COSMA SA,  
CONCELLO DE NARÓN  
2020-2023**

**Edición de decembro  
2022, contén:**

- **Versión inicial (BOP nº  
241 de A Coruña,  
22.12.2022)**



## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social

*Resolución de inscrición e publicación do Convenio colectivo da entidade Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico, COSMA SA.*

O 25 de novembro de 2022 tivo entrada no REGCON a solicitude de inscrición e publicación do convenio colectivo da entidade Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico, COSMA SA.

De acordo co disposto no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, (BOE núm.143, do 12 de xuño de 2010), así como na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm 222, do 18 de novembro) modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG núm. 60 de 26 de marzo de 2013).

Considerando que a Xefatura Territorial de Promoción do Emprego e Igualdade da Coruña é competente para resolver a inscrición e publicación deste convenio, ao abeiro do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, de 16 de maio de 2022) e no Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm. 130, de 08 de xullo de 2022).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Inscibir o convenio colectivo da entidade Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico SA, ( COSMA SA) , no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Ordenar a remisión do texto deste convenio colectivo ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 12 de novembro de 2022

A xefa territorial de Promoción do Emprego e Igualdade

Judit Fontela Baro

**CONVENIO COLECTIVO  
COMPAÑÍA DE SERVICIOS MEDIAMBIENTAIS DO ATLÁNTICO (COSMA)  
ANOS 2020, 2021, 2022 e 2023**

**Artigo 1.- Ámbito de Aplicación:**

O presente Convenio Colectivo será de aplicación a todo o persoal da Empresa “COMPAÑÍA DE SERVICIOS MEDIOAMBIENTAIS DO ATLÁNTICO” (COSMA).

As disposicións contidas no presente convenio colectivo rexerán no centro de traballo que a empresa ten no Concello de Narón.

**Artigo 2. Partes asinantes.**

Son partes asinantes do presente convenio colectivo de traballo, dunha parte, o Delegado de Persoal, como representación unitaria dos traballadores, e doutra parte, a representación empresarial.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a lexitimación para negociar o presente convenio.

**Artigo 3.- Ámbito Temporal:**

Este convenio entrará en vigor á data da súa sinatura, tendo efectos económicos dente o 1 de Xaneiro de 2020. Terá unha vixencia de catro anos, que rematará o 31 de decembro do 2023.

**Artigo 4.- Denuncia:**

Ambas as partes consideran automaticamente denunciado este convenio ao final da súa vixencia, 31 de decembro de 2023, comprometéndose a iniciar a negociación do próximo convenio un mes antes da finalización da vixencia do actual, quedando vixente o presente convenio ata a sinatura dun novo que o substitúa.

**Artigo 5.- Condicións máis Beneficiosas:**

Tódalas cláusulas económicas, ou de calquera índole, contidas en este convenio, estimadas no seu conxunto, establecéndose co carácter de mínimas, polo que outros pactos, cláusulas ou situacións actualmente vixentes que impliquen condicións máis beneficiosas que as convidas serán respectados e non absorbidos.

**Artigo 6.- Conceptos Retributivos:**

As retribucións de cada traballador estarán compostas polo Salario Base de Convenio e os Complementos que para cada actividade, categoría ou grupo profesional que se determinan no articulado deste Convenio.

O pagamento da nómina mensual efectuarase mediante transferencia bancaria á entidade previamente designada polo interesado.

**Artigo 7.- Salario Base:**

As retribucións salariais establecidas no presente convenio, con excepción das prefixadas nas táboas anexas I, II e III, serán obxecto de actualización según os seguintes criterios:

Ano 2020: As retribucións salariais serán as xa previstas no presente convenio, que supoñen un incremento do 2% sobre ás táboas do ano 2019.

Ano 2021: Tódalas retribucións salariais previstas no presente convenio, a excepción das contempladas nas táboas anexas I, II e III, serán obxecto de actualización conforme a un incremento do 0,90% sobre as táboas do ano 2020.

Ano 2022: Tódalas retribucións salariais previstas no presente convenio, a excepción das contempladas nas táboas anexas I, II e III, serán obxecto de actualización conforme a un incremento do 3,50% sobre as táboas do ano 2021.

Ano 2023: Tódalas retribucións salariais previstas no presente convenio, a excepción das contempladas nas táboas anexas II e III, serán obxecto de actualización conforme ao indicado pola Lei Xeral de Presupostos do Estado para este ano.

Os incrementos retributivos indicados para o ano 2023, estarán limitados pola Lei Xeral de Presupostos do Estado para este ano. Procedéndose a incrementar as retribucións salariais (a excepción das contempladas nas táboas anexas II e III) no suposto que a Lei Xeral de Presupostos do Estado estableza un incremento adicional para o ano 2023, no importe de dito incremento.

**Artigo 8.- Antigüidade:**

Tódolos traballadores afectados por este Convenio percibirán en concepto de antigüidade as cantidades establecidas na táboa anexa nº II.

A data de partida dos premios será a do primeiro de Xaneiro.

**Artigo 9.- Gratificacións Extraordinarias:**

O persoal comprendido neste Convenio, percibirá dous pagas extraordinarias de devengo semestral, por importe, cada unha dela dunha mensualidade, calculada sobre o salario base maila antigüidade, que serán efectivas o 30 de Xuño, e o 22 de Decembro.

O cómputo efectuarase do seguinte modo:

SEMESTRE	ABONO
Xaneiro-Xuño	Xuño
Xullo-Decembro	Decembro

O persoal de novo ingreso, ou que cese durante o primeiro semestre do ano, percibirá unicamente a parte proporcional da paga extraordinaria de Xuño, que corresponda ó tempo efectivamente traballado. Idéntico criterio aplicarase para o persoal que ingrese ou cese na Empresa no segundo semestre do ano, respecto á paga extraordinaria de Decembro.

**Artigo 10.- Plus de Calidade:**

O persoal percibirá un plus de calidade equivalente ao 30% dunha mensualidade de salario base mais antigüidade, que se aboara no mes de xaneiro do ano posterior.

Este plus aplicarase sempre e cando o absentismo global da empresa se atope por debaixo ou igual ao 2,5 % na anualidade correspondente. En caso de que o absentismo global se atope por enriba do 2,5%, unicamente serán merecedores de dito plus os traballadores que teñan un índice de absentismo laboral inferior ao 4 % na anualidade correspondente.

A estes efectos entenderase por absentismo laboral calquera falta ou retraso inustificado ó traballo, así como a ausencia ó mesmo por razóns de saúde, excluíndose os casos de accidente de traballo e hospitalización e mentres dure esta.

**Artigo 11.- Complemento Medioambiental do persoal de rede:**

Por esta concepto os traballadores percibirán a cantidade de VINTECATRO Euros e oitenta e cinco céntimos (24,85 €) mensuais por mes efectivamente traballado.

**Artigo 12.- Plus de Transporte:**

Aboaráselle a cada un dos traballadores da empresa a cantidade de CENTOSEIS Euros e oitenta e oito céntimos (106,88 €) mensuais, por mes efectivamente traballado en compensación polo traslado dende o seu domicilio ata o centro de traballo. Cantidade esta que quedará absorbida por calquera outra que puidera devengarse en concepto de plus de distancia.

**Artigo 13.- Quebranto de Moeda:**

A Empresa no exime da obrigación de repoñer posibles perdas de diñeiro a aqueles traballadores que a súa función leve implícito o manexo do diñeiro.

No obstante, como compensación do anterior, aboaráselle a cada un destes traballadores, a cantidade de SETENTA E NOVE Euros con cincuenta e tres céntimos (79,53 €) mensuais, por mes efectivamente traballado.

**Artigo 14.- Plus de Control de Avarías:**

Aboarase este plus aos traballadores que ocupan na actualidade os postos de traballo de Capataz e Oficial de 2ª, con responsabilidade nas labores de detección de avarías da rede de abastecemento (colocación de prelocalizadores/correladores, localización con geófono, descarga e control de data-loggers ou comprobación/cambio da sectorización da rede de abastecemento).

O abono deste plus realizarase sempre e cando o rendemento técnico da rede de abastecemento, do trimestre a avaliar (correspondente ao inmediatamente anterior), mellore un mínimo dun 0,5% con relación ao rendemento técnico do mesmo trimestre do ano anterior.

Rendemento técnico = Consumo rexistrado nos contadores dos clientes ao longo do trimestre a facturar / Total de auga en alta comprada ao Concello de Ferrol ao longo do trimestre natural.

Este plus ascenderá ás seguintes cantidades de carácter trimestral, en función da mellora do rendemento técnico:

- TRINTA E NOVE Euros e trinta e sete céntimos mensuais (39,37 €/mes): sempre e cando o rendemento técnico experimente unha mellora dun mínimo dun 0,5% con relación ao mesmo trimestre do ano anterior.

ou

- SETENTA E OITO Euros e setenta e dous céntimos mensuais (78,72 €/mes): sempre e cando o rendemento técnico experimente unha mellora superior ao 2,5%, con relación ao mesmo trimestre do ano anterior.

No suposto de realizar as labores descritas anteriormente, por calquera outro traballador durante un mínimo do 60% do días laborais do mes, aplicarase o plus a estes nas mesmas condicións especificadas neste artigo.

O devengo deste plus realizarase por mes efectivamente traballado.

O plus de control de avarias correspondente a unha mellora de rendemento técnico dun mínimo dun 0,5%, poderá abonarse aínda que non se logre este obxectivo, por circunstancias alleas ao servizo que impidan a consecución deste obxectivo. Suposto que deberá de estar debidamente motivado.

#### **Artigo 15.- Horas Extraordinarias:**

Poderanse realiza-las horas extraordinarias estruturais necesarias por acumulación de tarefas, ausencias imprevistas, cambios de quendas e outras circunstancias de carácter estrutural, por causa da natureza do traballo que se execute.

As horas extraordinarias compensaranse preferentemente por descanso, sempre e cando non perturbe o normal proceso produtivo da empresa. A compensación realizarase dentro dos catro meses seguintes á súa realización, podendo o traballador acumular as horas de descanso ata completar xornadas completas. A compensación realizarase en función 1,50 horas de descanso (1 hora e 30 minutos) por cada hora extra realizada.

As horas extraordinarias, non compensadas por tempo de descanso, aboaranse de acordo á táboa III deste convenio. Valores que non variaran dentro da vixencia deste convenio.

O valor das horas extraordinarias é o fixado na táboa anexa nº III.

#### **Artigo 16. - Quilometraxe:**

Todo traballador que utilice o vehículo da súa propiedade por conta da Empresa, percibirá a cantidade de VINTENOVE CENTIMOS de Euro quilómetro (0,29 €/Km). Será necesaria a aprobación do gasto por parte do responsable correspondente, previa xustificación polo traballador dos quilómetros realizados.

#### **Artigo 17.- Comidas.**

O persoal que, por necesidades da empresa, teña que comer ou cear fora do seu domicilio e dentro do termo municipal, aboaráse-lle a cantidade de ONCE Euros (11 €) sen necesidade de xustificación e de QUINCE euros (15 €) con xustificación durante toda a vixencia do presente convenio, por cada unha das comidas que se vexa obrigado a realizar fora da casa.

Enténdese que as melloras pactadas serán de aplicación a partir da data da sinatura do convenio colectivo.

#### **Artigo 18.- Disponibilidade persoal de rede:**

Ó principio de cada mes entrará de dispoñibilidade unha parella de Mantemento de Rede para atende-las tarefas respectivas, prolongándose a dispoñibilidade ata o final de mes.

As labores de vixilancia, reparación e mantemento comezarán unha vez finalizada a xornada laboral ordinaria.

Os traballadores de dispoñibilidade portarán durante o mes un buscapersoas (teléfono móbil o calquera outro medio técnico) fora do horario laboral, onde recibirán tódolos avisos das situacións que se produzan no Servizo, debendo acudir coa debida prestancia ós devanditos avisos.

As dispoñibilidades, acorde co descrito serán obrigatorias e rotativas entre todo o persoal de Mantemento de Rede. O tempo efectivamente traballado fora da xornada será preferentemente compensado por descanso. A compensación realizarase dentro dos catro meses seguintes á súa realización, podendo o traballador acumular as horas de descanso ata completar xornadas completas. A compensación realizarase en función 1,50 horas de descanso (1 hora e 30 minutos) por cada hora extra realizada.

As horas extraordinarias, non compensadas por tempo de descanso, aboaranse de acordo á táboa III deste convenio. Valores que non variaran dentro da vixencia deste convenio.

A retribución para cada traballador por este concepto será de TRESCENTOS DEZASEIS Euros con noventa e dous céntimos (316,92 €/mes).

Ademais os días de Noiteboa, noitevella, nadal e aninovo remuneraranse a razón de OITENTA E CATRO Euros e noventa e un céntimos (84,91 €/día).

#### **Artigo 19.- Xornada de Traballo:**

A xornada de traballo será de mil setecentas corenta (1740) horas anuais durante os anos 2020-2021, mil setecentas vinte catro durante o ano 2022 (1724) e mil setecentas dezaseis (1716) horas durante o ano 2023.

O horario será de luns a venres de 7:30 a 15:30 horas

Os días de Noiteboa (24 de decembro) e Fin de ano (31 de decembro) serán días non laborables.

Dende o 15 de Maio ao 30 de Setembro: de luns a venres de 7,30 h. a 14,30 h.

Adaptarase a xornada resultante destes horarios ó cómputo anual establecido.

#### **Artigo 20.- Vacacións:**

Tódolos traballadores terán dereito a un período de vacacións anuais de trinta días naturais, que se desfrutaran preferentemente no período comprendido entre o primeiro de Marzo e o 31 de Novembro.

Para o disfrute das vacacións establecerase un calendario rotativo, en función do período de disfrute previsto, que garanta que ningún traballador/a poda verse discriminado. Sen embargo, o calendario definitivo recollera aquelas modificacións propostas polo persoal, e libremente pactadas entre eles, sempre que non afecten significativamente ao servizo.

#### **Artigo 21.- Festas:**

Terán consideración de festas, todas aquelas que regulamentariamente estean determinadas, tamén o día 1 de Xuño, día da Patroa. Se o primeiro de Xuño fose día non laborable, cambiarase polo día laborable inmediatamente anterior ou posterior.

#### **Artigo 22.- Licencias e Permisos:**

O traballador, logo de aviso e posterior xustificación, poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración, por algún dos motivos e períodos seguintes (sen prexuízo do disposto no artigo 37 do ET):

15 Días naturais en caso de matrimonio. Aplicándose así mesmo para parella de feito legalmente rexistradas nos rexistros públicos creados ou que se poidan crear, para o efecto en calquera ámbito xeográfico ou, en defecto destes últimos, ás acreditadas mediante escritura pública notarial outorgada conxuntamente, debéndose demostrar de forma fidedigna ante a empresa os requisitos establecidos anteriormente para o correspondente disfrute da licenza.

5 Días laborábeis en caso de divorcio.

5 Días laborábeis en caso de falecemento de cónxuxe ou parella de feito segundo a Lei de Dereito Civil de Galicia, fillos, pais, avós, netos ou irmáns do traballador ou o seu cónxuxe.

4 Días laborábeis en caso de enfermidade grave, hospitalización ou intervención quirúrxica de cónxuxe ou fillos (ou parella de feito), pais e irmáns.

4 Días laborábeis polo nacemento de fillo-a, a disfrutar ao remate da suspensión de contrato por tal motivo.

1 Día por traslado de domicilio.

2 Días por asuntos propios, previo o aviso de 72 horas.

No referente ao disfrute destas licencias equiparase a condición de parella de feito à de matrimonio.

#### **Artigo 23.- Fondo social.**

O importe do fondo social para cultura, deporte, turismo social, etc., será de CATROCENTOS EUROS (400,00 euros) ao ano.

A Xerencia aprobará os criterios e programas, vixiando a distribución e contía para aplicar en cada caso, por proposta do Delegado de Persoal.

#### **Artigo 24.- Rroupa de Traballo:**

Subministraráse a todo o persoal as necesarias e habituais roupas de traballo, quedando determinada a súa entrega na forma seguinte:

- Camisa de manga curta: 2
- Camisa de manga longa: 2.
- Pantalón: 4
- Calzado de seguridade: 1
- Anorak: 1
- Chaqueta curta ou xersei: 2
- Rroupa de auga (cando o posto de traballo así o requira)
- Botas de seguridade: 1
- Luvas de caucho: Segundo necesidades.
- Botas de auga: 1

A utilización da roupa de traballo será obrigatoria durante a xornada laboral.

A roupa de traballo indicada anteriormente entenderase como unidades mínimas das que deberá dispoñer o persoal para o desenrolo da súa función. A empresa reporá as unidades de roupa que se atopen danadas ou desgastadas, garantindo o número de unidades mínimas establecido nesta artigo.

#### **Artigo 25.- Seguro de Accidentes:**

A Empresa comprométese a subscribir unha póliza de accidentes de traballo que lle garanta a cada traballador as seguintes indemnizacións:

- a) En caso de falecemento por accidente de traballo ou enfermidade profesional TRINTA E CINCO MIL Euros (35.000 €).
- b) En caso de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, derivadas de accidente laboral ou enfermidade profesional TRINTA E CINCO MIL Euros (35.000 €).

#### **Artigo 26.- Anticipos reintegrables:**

Todos os traballadores afectados polo convenio poderán solicitar, con cargo ao fondo establecido neste artigo, anticipos reintegrables que serán concedidos pola Xerencia.

A forma de amortización será en dezaseis meses.

Establécense dos mil (2.000,00 €) como cantidade máxima a solicitar por anticipo e solicitante.

Terá prioridade para a concesión dos anticipos reintegrables aqueles traballadores que non o solicitasen nunca, ou que de facelo, deixaran transcorrer máis tempo dende o pago da última amortización.

A empresa destinará a dita finalidade a cantidade de oito mil euros (8.000,00 €).

Consideraranse incluídas no fondo de cada ano, as cantidades pendentes de reintegrar dos anticipos concedidos nos exercicios anteriores.

#### **Artigo 27.- Situación de Incapacidade Temporal:**

A Empresa aboaralles a tódolos traballadores durante a situación de I.T. derivada de accidente de traballo e dende o primeiro día, a diferenza entre as prestacións da Seguridade Social e o 100% do Salario Base máis Antigüidade, e parte proporcional das Pagas Extras.

De igual forma, complementarase ata o 100% do Salario Base máis Antigüidade, e parte proporcional das Pagas Extras, nos casos de hospitalización e mentres dure esta. Tamén nos casos de enfermidade de carácter permanente y dexenerativo, cúa gravidade aumenta considerablemente o risco de morte e incapacidade inherente á idade e profesión, necesitando, en todo caso, coidados e tratamento médico de por vida. A devandita situación deberase acreditar fidelmente para xera-lo dereito a este complemento.

Asimesmo, complementarase ata o 100% do salario base mais antigüidade e parte proporcional de pagas extras dende o sétimo día, nos supostos de Enfermidade Común, sempre e cando o índice global de absentismo sexa do 2,5% ou inferior. Entenderase por absentismo global a los efectos deste artigo as ausencias por: faltas sen xustificar, baixas por continxencias comúns.

#### **Artigo 28.- Xubilación**

Ó abeiro do disposto no artigo 215 do R.D. Lexislativo 8/2015, de 30 de Outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, e no artigo 12.6 do Estatuto dos Traballadores, aos traballadores recoñécelles o dereito subxectivo de solicitar á empresa a xubilación parcial e a redución de xornada dentro dos límites legalmente previstos cando reúnan os requisitos establecidos.

A solicitude deberase remitir á empresa cunha anticipación mínima de tres meses á data prevista de xubilación parcial, quedando esta obrigada a estudiala de boa fe e dar resposta á mesma nun prazo razoable.

De estimarse por parte da empresa a posibilidade de xubilación parcial de cada concreto traballador, deberá na súa resolución contemplar unha proposta respecto da concreción da xornada anual efectiva, que en todo caso será fixada de común acordo entre empleadora e traballador.

#### **Artigo 29.- Seguridade e Saúde Laboral:**

Será de aplicación o capítulo XII do VI Convenio Colectivo Estatal del Ciclo Integral del Agua (2018-2022), publicado no BOE do 3 de outubro de 2019, e a lexislación vixente sobre seguridade e saúde laboral, e ámbalas dúas partes velarán polo seu estrito cumprimento.

Todo traballador será recoñecido, a lo menos unha vez ó ano

Asimesmo, tódalas traballadoras terán dereito a un recoñecemento xinecolóxico anual, así como os traballadores terán dereito a un recoñecemento urolóxico anual.

**Artigo 30.- Cota Sindical:**

A Empresa, previa solicitude do interesado, efectuará as retencións pertinentes pola cota sindical.

**Artigo 31.- Comisión Mixta Interpretativa do Convenio:**

De conformidade co artigo 85.3 e) do Estatuto dos Traballadores, para velar pola aplicación, cumprimento e interpretación do estipulado no presente convenio colectivo, créase unha comisión paritaria entre os suxeitos participantes na negociación que desembocou no presente convenio colectivo, formada por un membro en representación dos traballadores e outro membro en representación da empresa.

Defínese como domicilio da citada Comisión: as oficinas de COSMA, S.A. No concello de Narón.

A comisión reunirse cando unha das partes o solicite no prazo máximo de vinte días, debendo incluír na citación o orde do día.

Os acordos da comisión requieran, para a súa validez, a conformidade dos dous compoñentes da mesma.

As funcións da comisión paritaria serán os seguintes:

- I. Interpretación da aplicación da totalidade dos artigos do convenio.
- II. Vixilancia do cumprimento do pactado.
- III. Estudo e valoración das novas disposicións legais de promulgación posterior á entrada en vigor do presente convenio colectivo, e unha maior solución interna de posibles conflitos.
- IV. A intervención, cando así o solicite algunha das partes, en caso de desacordo respecto a aplicación das condicións do convenio ó amparo do disposto no artigo 82.3 do Estatuto dos Traballadores e o artigo 35 desde convenio.
- V. As establecidas na normativa vixente.
- VI. Cantas outras actividades tendan á maior eficacia práctica do convenio.

A Comisión emitirá resolución, con acordo ou sen él, sobre as materias tratadas no prazo de vinte días naturais contados a partires da data da reunión.

As funcións da Comisión paritaria non obstruirán en ningún caso o libre exercicio da xurisdicción competente dacordo ca normativa vixente.

As partes que asinan este convenio acordan a súa adhesión ao Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo (AGA) asinado entre a Confederación de Empresarios de Galicia e as Organizacións Sindicais CC.OO. de Galicia, UGT-Galicia. e CIG. De común acordo polas partes, e unha vez emitida resolución sen acordo, as partes poderán someter as discrepancias producidas aos procedimentos de mediación e arbitraje ante o Servicio de Solución de Conflictos do Consello Galego de Relacións Laborais.

**Artigo 32.- Clasificación funcional:**

Os traballadores que presenten a súa actividade no presente Convenio Colectivo serán clasificados en atención a súas aptitudes profesionais, titulacións e contido xeral da prestación. Esta clasificación realizarase en grupos profesionais.

**Artigo 33.- Réxime disciplinario.**

Aos efectos do réxime disciplinario, aplicarase o VI Convenio Colectivo Estatal del Ciclo Integral del Agua (2018-2022), publicado no BOE do 3 de outubro de 2019, e posteriormente na futura regulación que a este respecto se estableza no convenio colectivo que o substitúa.

**Artigo 34.- Lexislación subsidiaria.**

En todo o non recollido no presente convenio, rexerese polo disposto no Convenio Colectivo Estatal de las Industrias de Captación, Elevación, Conducción, Tratamiento, Distribución, Saneamiento y Depuración de Aguas Potables y Residuales e demais normativas vixentes.

**Artigo 35.- Procedemento para a inaplicación de condicións de traballo.**

A inaplicación das condicións de traballo establecidas no presente convenio poderase producir respecto das materias previstas no artigo 82.3 do Estatuto dos Traballadores, cando concorran as causas previstas no mesmo precepto legal.



A empresa deberá iniciar o procedemento comunicando por escrito tanto a representación legal dos traballadores como a Autoridade Laboral a iniciación do período de consultas.

Tras a celebración do preceptivo período de consultas, de duración non superior a quince días, de alcanzarse un acordo, este comunicarse á Autoridade Laboral. O acordo fixará o alcance e duración da medida de inaplicación de condicións de traballo acordada.

En caso de desacordo durante o período de consultas, cales queira das partes poderá someter a discrepancia á Comisión Mixta Interpretativa do convenio (regulada no artigo 30 do presente convenio) que se pronunciará dentro do prazo de quince días seguintes ao planteamento da discrepancia.

Cando non se solicitara a intervención da Comisión Mixta Interpretativa ou cando a citada Comisión non alcanzase un acordo, as partes someteranse ao procedemento de mediación e arbitraje ante o Servicio de solución de conflitos do Consello Galego de Relacións Laborais.

Só se ambas partes así o solicitan e aceptan expresa e voluntariamente, poderán someterse a un arbitraje vinculante. No caso de sometemento voluntario e expreso a dito arbitraje vinculante, o laudo que se dítase tería a mesma eficacia que os acordos alcanzados no período de consultas e só se podería recorrer conforme ao procedemento e en base o disposto no artigo 91 do Estatuto dos Traballadores.

#### **Artigo 36.- Dereito lingüístico**

Os traballadores e traballadoras terán o dereito a desenvolver a súa actividade laboral e profesional no idioma galego, contribuíndo a empresa á promoción do idioma propio dos país galego empregándoo nas súas comunicación internas e externas.

Asimesmo, a empresa non empregará discriminacións nin estereotipos sexistas na linguaxe utilizada nas circulas ou calquera outra forma de comunicación

#### **Artigo 37.- Dereitos sindicais**

Os delegados de persoal disporán dun crédito de 15 horas mensuais para o desenvolvemento das súas funcións representativas e sindicais.

Os delegados de Persoal poderán acumular dito creto sindical, de xeito que os seu disfrute se poida realizar no mes inmediatamente posterior, ata un máximo de 30 horas mensuais

Poderanse constituír seccións sindicais na empresa, tendo o delegado ou delegada sindical os dereitos que a lei lle recoñece.

#### **Artigo 38.- Persoal con capacidade diminuída:**

A empresa cumprirá a lei no sentido de garantir que o 2% dos postos da plantilla sexa ocupado por persoal con discapacidade. Axustando dita porcentaxe, na medida do crecemento da plantilla.

#### **Artigo 39.- Atrasos**

A empresa ingresará as cantidades correspondentes ós atrasos dos anos 2020, 2021 e 2022 antes do día 5 do seguinte mes dende a firma deste convenio colectivo e os derivados dos hipotéticos incrementos adicionais faranse efectivos no mes seguinte a que se publiquen os datos aos que estean vinculados ditos incrementos.

D. José Manuel Marcote Lago  
32673458A

D. José Luis García Hermida  
32655156D

D. Francisco Xabier Cartelle Pérez  
32656027Y

TABOA ANEXA N° I  
SALARIOS

TABOA ANEXA I						
RETRIBUCIÓNS						
Salario						
GRUPO		NIVEL	POSTO DE TRABAJO	2020	2021	2022
3	A	10	Capataz	1.838,95	1.855,50	1.920,44
2	A	9	Oficial 1ª Operario	1.575,04	1.589,22	1.644,84
2	B	8	Oficial 2ª Operario	1.510,86	1.524,46	1.577,82
2	B	7	Administrativo	1.339,74	1.351,80	1.399,11
2	B	6	Lector de 1ª	1.304,07	1.315,81	1.361,86
2	B	5	Auxiliar Administrativo	1.274,31	1.285,78	1.330,78
2	B	4	Lector	1.274,31	1.285,78	1.330,78
2	B	3	Oficial 3ª Operario	1.255,73	1.267,03	1.311,38
1		2	Peón especialista	1.224,39	1.235,41	1.278,65
1		1	Peón	1.189,91	1.200,62	1.242,64

TABOA ANEXA N° II  
ANTIGUIDADES (Euros/mes)

Importes para os anos 2020, 2021 e 2022:

Categoría	1 BIENIO	2 BIENIOS	2B + 1Q	2B E 2Q	1B E 3Q	2B E 3Q	2B E 4 Q
TODAS	11	22	44	77	88	99	110

Importes para o ano 2023:

Categoría	1 BIENIO	2 BIENIOS	2B + 1Q	2B E 2Q	1B E 3Q	2B E 3Q	2B E 4 Q
TODAS	12	24	48	84	96	108	120

TABOA ANEXA N° III  
VALOR HORA EXTRA DIURNA, NOCTURNA E FESTIVA

TABOA ANEXA III		
VALOR HORA EXTRA DIURNA - NOCTURNA E FESTIVA €/hora		
ANOS	2020-22	2023
<b>GRUPO I</b>		
PEON	17	19
PEON ESPECIALISTA	17	19
<b>GRUPO II</b>		
AUX. ADMINISTRATIVO / ADMINISTRATIVO	17	19
LECTOR	17	19
OF. 1ª OPERARIO / OF. 2ª OPERARIO / OF. 3ª OPERARIO	19	21